

LUZ POZO GARZA

“Versos emocionados e emocionantes, atravesados de intimidade...Un soño que nos enche e conmove” con estas palabras comeza e remata a sinopse que aparece na páxina web *Sopa de libros* e a descrición de *Códice Calixtino* non podería ser máis acertada.

O sentimento deitado en cada un dos versos, en cada un dos poemas fai desta obra unha claro exemplo da sensibilidade da autora que acaba de deixarnos e da que conservamos unha magnífica obra que fai brillar as nosas letras, as letras atlánticas.

